



## A LOITA DE O+M É POLA DEFENSA DO EMPREGO

Na Coruña os compañeiros de O+M iniciaron un paro indefinido dunha hora semanal. Defenden que non se externalice o mantemento de O+M.

O plan da empresa, que é de ámbito estatal, ten como obxectivo reducir persoal e modificar substancialmente as condicións actuais de O+M. Para iso contemplan:

- Modificar a actividade dos GMO achegándoos á que correspondería a I+M (provisión e creación de planta). O mantemento quedaría nun termo absolutamente secundario e reducido aos equipos "corazón" dos sistemas e que realmente supoñen moi poucas horas de actividade ao cabo do ano.
- Prescindir dos recursos que a xuízo dos responsables non son necesarios, transferíndoos a outros departamentos "máis estratéxicos", se é posible, dentro da localidade.
- Reducir ou suprimir as quendas de noite e as gardas en consecuencia coa actividade que eles declaran prioritaria e que non precisaría ser realizada, salvo contadas excepcións, nin de noite nin en fin de semana.
- Unificar unidades (onde non están unificadas) para conseguir xerar excedentes que unha vez transferidos suporían un aforro para o departamento.

Presentan como argumentos

- O gran custo que lle supón á empresa os traballos de creación de planta e provisión e o baixo valor que ten o mantemento en comparación.
- Que a redución de quendas e gardas favorecen a conciliación da vida laboral e familiar.
- Que teremos unha formación "marabillosa" para realizar a nova actividade.

O que nós pensamos é que a empresa actúa baixo o principio, xa vello, de **concentrar, reducir e externalizar** para acometer unha profunda modificación das condicións laborais na área de O+M. Ademais:

- Sáltase o convenio ao unificar O+M (Tx e Cx) en provincias tipo 1 e tipo 2.
- Intenta converter os GMO en contratados que van estar a saltar de actividade en actividade en función do seu valor, absolutamente subxectivo e fixado pola empresa.
- Ninguén nos garante que pasado un tempo teremos suficiente actividade para manter o persoal e que non se producirán novas reestruturacións e reducións de persoal.
- Pretende sacarnos dunha actividade, que en maior ou menor medida sempre vai estar aí e que non é deslocalizable.

En definitiva, non nos parece aceptable o plan da empresa, porque non ten en conta os intereses dos afectados, e en consecuencia reivindicamos a paralización do plan.

Reivindicamos que as distintas unidades de O+M se doten do persoal suficiente para seguir levando todo o mantemento e, en todo caso, aceptamos discutir a realización de novas actividades como complemento ás actividades de mantemento. Hoxe en día xa se están facendo gran parte destas actividades de provisión e creación de planta.

Burgos, 20 de xaneiro de 2008.